

**PAUTAS ESTABLECIDAS POLO DEPARTAMENTO DE MATEMÁTICAS PARA O PROCESO DE ENSINO – APRENDIZAXE DURANTE OS DÍAS NOS QUE O CENTRO PERMANECERÁ PECHADO POR MOR DA PANDEMIA DO COVID-19**

**1º ESO (Fina)**

Pautas a seguir durante estes días sen asistencia ao IES.

- Preparar o exame da unidade 9. (Tres ou catro días)
  - Para iso é aconsellable volver a facer todos os exercicios da unidade feitos na clase.
  - Ademais facer os dez exercicios da “Autoevaluación”, da páxina 169, do 1 ao 10. Recordar que non demos a “Regla de tres inversa”, así que no exercicio 5, o título sería: “Resuelve, (como hacíamos en clase, por redución a la unidad). Estes dez exercicios serán corrixidos na aula o primeiro día de incorporación.
  - O exame desa unidade 9 queda posposto para o SEGUNDO DÍA DE INCORPORACIÓN AO CENTRO (se non hai outra información ao respecto).
  - Para preparar o exame desa unidade, facer os exercicios da folla entregada pola profesora, de “Proporcionalidad y porcentajes”. Estas actividades forman parte de “mathex.games” (juego de estrategia), (en dificultade “Facilón”), co que podedes practicar no ordenador, xogando contra a “máquina” ou contra outro xogador. Tratade de facer os exercicios como os facíamos na aula, seguindo as mesmas pautas. O primeiro día de incorporación aclararemos dúbidas, no caso de habelas.
- Preparar a Unidade 15, que está no Terceiro Tomo (Unidades 11 a 15)
  - Para iso, ler cada un dos epígrafes da unidade, copiar o título de cada un deles e os subtítulos (cando os haxa), os cadros e os exemplos e exercicios resoltos que nesa epígrafe haxa, para a continuación realizar as actividades dos “Piensa y practica” desas páxinas. Estas tarefas debes realizalas en folios ou follas para entregar, unha vez que nos incorporemos ás clases.
  - Empeza na Páxina 271e realiza as tres actividades.
  - Na Páxina 272: Realiza só as Actividades 1 y 4.
  - dende a Páxina 273 ata a Páxina 283, realiza TODAS as actividades que se propoñen.
  - Cada día deberías facer un mínimo de CATRO actividades, e escribir entre unha cara ou dúas do folio ou folla.
  - Non te preocupes se algunha actividade non sabes facela.
- Se queredes aclarar algunha dúbida, podedes poñervos en contacto comigo a través do correo: [finapseoane@gmail.com](mailto:finapseoane@gmail.com) , poñendo no asunto o voso nome e apelidos e o curso e grupo ao que pertencedes. Por exemplo:  
Asunto: Jose Gomez Rodriguez 1EsoA.  
Podedes escanear ou sacar fotos dos exercicios (mellor pasalos a PDF, se é posible) nos que teñades dúbidas ou queirades que vos corrixa.

## **2º ESO - A (Sara)**

Os alumnos xa foron informados das pautas que se seguirán durante o período en que o Centro permaneza pechado. Para calquera dúbida poden enviar un correo electrónico a [sara.pena.vazquez@edu.xunta.es](mailto:sara.pena.vazquez@edu.xunta.es)

## 2º ESO B (Cristina)

O alumnado da materia de Matemáticas de 2º da ESO B, recibirá docencia online a través da seguinte canle:

**Google Classroom.**

O código de acceso é o seguinte: **p5rtscx**

Na seguinte dirección de correo electrónico poderán poñerse en contacto coa docente para resolver todas aquelas dúbidas que poidan ir xurdindo das actividades propostas ou de calquera outra cuestión relacionada coa materia:

**[mcristina.vazquez.2019@gmail.com](mailto:mcristina.vazquez.2019@gmail.com)**

### 3º ESO (Miguel)

Durante estes días nos que o centro permanecerá pechado, non se poderá avanzar materia, así que o obxectivo inmediato será a preparación do exame destinado a avaliación de todos os contidos vistos en clase da parte de Xeometría.

1. Proporcionalidade, semellanza e teorema de Tales
2. Teoremas de Pitágoras, da altura e do cateto
3. Áreas e perímetros de figuras planas
4. Áreas e perímetros de zonas sombreadas obtidas a partir de figuras sinxelas.
5. Áreas e perímetros de figuras planas sinxelas inscritas en cubos.

Como ven sendo habitual ao longo do curso, irei subíndovos ao Drive as actividades que debedes facer. Estas actividades poden ser do libro de texto ou outras. Para facilitar a comunicación entre nós, lembre que é recomendable que me envíedes un correo á dirección [miguelprofemate@gmail.com](mailto:miguelprofemate@gmail.com) indicando nome, curso e dirección de correo. A maioría xa o fixestes pero aínda hai compañeiros que non. No caso de non ter o voso e-mail, non poderei resolvervos dúbidas e, ademais, teredes que acceder periodicamente ao Drive para ver se hai actualizacións.

Nestes momentos xa hai no drive unha ampla colección de exercicios resoltos, incluídos os do libro de texto, para poder profundar nos procedementos de resolución pero recorda que debes intentar resolvelo por ti mesmo e só ver o procedemento se non obtés o resultado correto. En calquera caso, non esquezas que poderás consultarme calquera dúbida.

En canto á data da proba, debedes estar atentos á páxina web do Centro porque é moi probable que se elabore un calendario de exames para cada curso. En caso de non elaborarse ese calendario por parte do Centro, a data do exame quedará fixada para o segundo día de clase despois da incorporación.

#### **4º ESO (Sara)**

Os alumnos xa foron informados das pautas que se seguirán durante o período en que o Centro permaneza pechado. Para calquera dúbida poden enviar un correo electrónico a [sara.pena.vazquez@edu.xunta.es](mailto:sara.pena.vazquez@edu.xunta.es)

## 1º BACHARELATO A (Miguel)

Durante estes días nos que o centro permanecerá pechado, non se poderá avanzar materia, así que o obxectivo inmediato será a preparación do exame destinado a avaliación de todos os contidos vistos en clase da parte de Xeometría Analítica. Lembraide tamén que os contidos relativos a números complexos e trigonometría tamén serán avaliados nese exame.

Deberedes prestar especial atención ao seguinte:

- Simplificación de expresións trigonométricas.
- Resolución de ecuacións trigonométricas (factorizables ou non)
- Resolución de triángulos utilizando os teoremas do seno e do coseno.
- Operacións básicas con números complexos.
- Formas polar e trigonométrica de números complexos.
- Utilización da fórmula de Moivre para a obtención de expresións trigonométricas.
- Potenciación e radicación de números complexos.
- Aplicación dos números complexos a problemas xeométricos.
- Operacións básicas con vectores.
- Módulo dun vector.
- Combinacións lineais. Dependencia e independencia lineal.
- Bases. Tipos. Coordenadas dun vector respecto dunha base.
- Produto escalar de dous vectores. Ángulo que forman dous vectores.
- Vectores de posición e vectores directores.
- Ecuacións da recta: vectorial, paramétricas, continua, implícita, pto –pte, explícita.
- Problemas de paralelismo e perpendicularidade.
- Problemas de distancias e ángulos nos que interveñan puntos e rectas.
- Problemas onde interveña o concepto de lugar xeométrico.

Como ven sendo habitual ao longo do curso, irei subíndovos ao Drive as actividades que debedes facer. Estas actividades poden ser do libro de texto ou outras. Para facilitar a comunicación entre nós, lembraide que é recomendable que me enviesdes un correo á dirección [miguelprofemate@gmail.com](mailto:miguelprofemate@gmail.com) indicando nome, curso e dirección de correo. A maioría xa o fixestes pero aínda hai algún compañeiro que non. No caso de non ter o voso e-mail, non poderei resolvervos dúbidas e, ademais, teredes que acceder periodicamente ao Drive para ver se hai actualizacións.

Actualmente xa están subidos unha ampla colección de exercicios resoltos para que poidades comprobar o resultado e profundar nos procedementos para a súa resolución.

En canto á data da proba, debedes estar atentos á páxina web do Centro porque é moi probable que se elabore un calendario de exames para cada curso. En caso de non elaborarse ese calendario por parte do Centro, a data do exame quedará fixada para o segundo día de clase despois da incorporación.

## 1º BACH B (Fina) MATEMÁTICAS APLICADAS I.

Pautas a seguir durante estes días sen asistencia ao IES.

- **Preparar o exame da unidade 11:** Probabilidade. (durante o Mes de Marzo)

- Para iso debes facer as tarefas e exercicios da unidade que se indican a continuación, recorda que é aconsellable que fagas os exercicios empregando fraccións, en vez de números decimais.
- Ler o relativo á “Regla del producto” da Páxina 280, e facer os exercicios 29 e 30.
- Facer os exercicios 76, 77, 78 e 79 (É aconsellable facer o diagrama de árbore, coas probabilidades condicionadas).
- Ler a páxina 281 e facer os dous exercicios resoltos, facendo o diagrama de árbore coas probabilidades en forma de fracción. (O resultado do primeiro exercicio é  $1313/7500$ , e o do segundo exercicio é  $425/1313$ ). Facer os exercicios 31 e 32.
- Facer os seguintes exercicios, para o cal é aconsellable facer o diagrama de árbore: 80, 81, 82, 83, 84, 85, 86, 87, 88, 89, 90, 91, 95, 93.

- **Preparar a Unidade 5:** Funcións. (Repaso da ESO) (durante o mes de Abril, se seguimos sen clase).

- Para iso, lee cada un dos epígrafes da unidade, observa con atención os exemplos e exercicios resoltos que haxa, para a continuación realizar as actividades que se indican:
- Actividades a realizar, aconsello que o fagas nesta orde: 1, 3, 4, 7, 8, 120, 15, 16, 17, 18, 21, 22, 23, 24, 25, 26, 29, 30, 100, 101, 102, 103, 105, 106, 121, 31, representa  $g(x) = |-x^2 + 4x|$  (está feito na páxina 133), 107, 109a).
- Non te preocupes se algunha actividade non sabes facela, moitas das actividades farémolas na aula no 3º trimestre.
- Se queredes aclarar algunha dúbida, podedes poñervos en contacto comigo a través do correo: [finapseoane@gmail.com](mailto:finapseoane@gmail.com) , poñendo no asunto o voso nome e apelidos e o curso e grupo ao que pertencedes. Por exemplo:

Asunto: Jose Gomez Rodriguez 1BacB.

Podedes escanear ou sacar fotos dos exercicios (mellor pasalos a PDF, se é posible) nos que teñades dúbidas ou queirades que vos corrixa.

- Se queredes formar un grupo de WhatsApp, e que eu forme parte del, que o administrador do grupo se poña en contacto comigo por medio do e-mail.
- Non dubidedes en contactar comigo, especialmente para preparar ben o tema de Probabilidade.

## 2º BACHARELATO A (Miguel)

Durante estes días nos que o centro permanecerá pechado os alumnos de 2º de Bacharelato debedes preparar non só os contidos vistos en clase ata o de agora senón tamén o resto dos contidos recollidos na programación para o período que dure esta situación. Lembraide que, a día de hoxe, non está previsto modificar as datas das ABAU polo que debedes facer un esforzo extra e aproveitar estes días para estudar e repasar.

Como ven sendo habitual ao longo do curso, irei subíndovos ao Drive as actividades que debedes facer así como a teoría relativa aos contidos non vistos en clase. As dúbidas que vos poidan xurdir resolveréivolas a través do correo electrónico [miguelprofemate@gmail.com](mailto:miguelprofemate@gmail.com) sempre e cando non aportedes ningún tipo de ficheiro. No caso de enviar resolucións de exercicios deberedes utilizar a vosa carpeta persoal para non saturar o correo. Lembraide, ademais, que é preferible enviar os arquivos en formato pdf e non como fotografía.

Actualmente xa están subidos unha ampla colección de exercicios resoltos para que poidades comprobar o resultado e profundar nos procedementos para a súa resolución. Debido ao gran número de problemas que figuran na colección iremos facendo unha selección daqueles máis importantes. Iso non quere dicir que non poidades facer outros que non fosen propostos ou preguntar dúbidas sobre eles.

Ademais, deberedes resolver todos os exercicios de xeometría propostos nos exames da ABAU que tamén podedes atopar no Drive.

En canto á data da proba, debedes estar atentos á páxina web do Centro porque é moi probable que se elabore un calendario de exames para cada curso. En caso de non elaborarse ese calendario por parte do Centro, ou non poder realizarse o 3 de abril tal como estaba previsto, a data do exame quedará fixada para o segundo día de clase despois da incorporación.



## **2º BACH - B (Sara)**

Os alumnos xa foron informados das pautas que se seguirán durante o período en que o Centro permaneza pechado. Para calquera dúbida poden enviar un correo electrónico a [sara.pena.vazquez@edu.xunta.es](mailto:sara.pena.vazquez@edu.xunta.es)